

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**17561** *Real decreto 1496/2011, do 24 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, na redacción dada polo Real decreto 1739/2010, do 23 de decembro, dispuxo a conclusión do dito proceso de integración o 31 de decembro de 2011.

A Rede Sanitaria da Defensa encóntrase nun proceso de adaptación á estrutura territorial de prestación de servizos sanitarios que podería afectar os cometidos de determinados centros hospitalarios, polo que resulta necesario prolongar o prazo para que a integración referida no parágrafo anterior conclúa de forma adecuada.

Na súa virtude, por proposta conxunta das ministras de Defensa e de Sanidade, Política Social e Igualdade, coa autorización da vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos e ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

*Artigo único. Modificación do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria primeira. *Proceso de integración.*

O proceso de integración do persoal laboral da Área de actividades específicas da Rede Hospitalaria da Defensa deberá estar concluído con anterioridade ao día 1 de xaneiro de 2013.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO